



nota de prensa

Veciñanza lamenta que o Concello de Cuntis recorte un 36% a partida de subvencións a asociacións

O Goberno do PSOE reduce de 9400 € a só 6000 a partida orzamentaria adicada a apoiar as asociacións sen ánimo de lucro do concello de Cuntis. Este recorte véñse producindo nos últimos anos, pero para este 2019 acada un drástico e inxusto 36%.

Cuntis, 21 de agosto de 2019

O Concello de Cuntis vén de anunciar a convocatoria anual das subvencións a entidades sen ánimo de lucro na modalidade de concorrencia competitiva. Adica este ano un total de 6000 euros, limitando a 1000 o importe que cada colectivo pode percibir. **O que o Goberno Municipal do PSOE non explica é que isto supón un recorte drástico na aportación municipal ao tecido asociativo de Cuntis, concretamente un recorte de máis dun 36% a respecto do presupostado o ano anterior.**

O orzamento adicado a subvencións a asociacións vén sufrindo unha progresiva diminución nos últimos anos.

ANO	PRESUPOSTO ADICADO A SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS
2016	10.000 €
2017	9.500 €
2018	9.400 €
2019	6.000€

Se o recorte entre os anos 2016 e 2018 foi relativamente progresivo, o **descenso para este ano 2019 é inxustamente acentuado**. Veciñanza considera que recortar máis dun 36% nesta materia é unha decisión que deixa en evidencia cales son as verdadeiras prioridades do Goberno do PSOE. **Demuestra que por máis que repita certas consignas a súa acción de goberno non confía no impulso ao tecido asociativo cuntese, que e unha das maiores riquezas das que podemos presumir na nosa vila.**

Con este brutal recorte o PSOE reitera que a súa política cultural límtase a aproveitar o esforzo dos colectivos sociais, veciñais, etc. para integrar ese traballo nos seus propios programas culturais e difundilo como propio. Non existe dinamización do tecido asociativo nin axudas



veciñanza

nota de prensa

reais ou promoción para sacar adiante máis proxectos e **manter viva unha actividade que ao longo do ano suple as carencias da programación cultural do Concello**. Ante o esforzo e a intensidade que demostran todas as persoas que voluntariamente traballan nos moitos colectivos sen ánimo de lucro, **a resposta do Goberno Municipal do PSOE é recortar 3400 € do presuposto adicado a subvencionar toda esta programación**.

Veciñanza lamenta que a atención e o coidado do noso tecido asociativo sexa a materia pendente ano tras ano, cunha xestión incapaz e unha indiferenza letal ante unha das potencialidades da nosa vila: o traballo voluntario e desinteresado de tanta xente que é capaz de manter ao longo do ano unha intensa actividade de moi diversa natureza. Acción cultural, iniciativas deportivas, actividade artística, viaxes e excursións, festexos, etc... Todo co esforzo de colectivos que **agora vén como o goberno municipal recorta 3400 € desa partida mentres segue inchando as facturas adicadas a publicidade e autobombo**.